




PADRÓN.

De Santiaguíño do Monte a Iria Flavia

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2020



Distancia: 6 km (ida e volta)
Dificultade: baixa



Padrón aséntase na veiga do tramo final do curso do río Sar, pouco antes de este desembocar no Ulla, é unha vila de tradición e fonda raíz xacobeá. Porto orixinal do mito, con varias historias relacionadas co Apóstolo, e arranque da derradeira etapa do camiño portugués, mais non so. Tamén é un centro comercial da zona, no que se celebra feira todos os domingos, e un bo lugar para andar e ver, no que facendo un roteiro duns 6 km podemos achegarnos aos puntos de máis interese.



Capela de Santiaguíño do Monte. Un lugar rodeado de lendas e tradicións relacionadas co Apóstolo Santiago. Debaxo hai unha fonte miragreira.

O río Sar entre o Carme e o Espolón. Ao fondo a ponte de Santiago.



PERCORRIDO

Comezamos no campo da feira e pola beira do **río Sar** percorremos o **paseo do Espolón**, onde veremos os recordatorios de dous dos padroneses máis importantes (Rosalía de Castro e Camilo José Cela), ata chegarmos á **igreja de Santiago** onde se atopa o “**Pedrón**”, a ara romana na que segundo a tradición amarrrou a barca que trouxo ao apóstolo e da que tomou o nome a vila. Cruzamos a **ponte de Santiago** para achegarnos á **fonte do Carme** e deixándoa atrás e indo á esquerda subimos a costa e a escaleira que nos leva ao adro do **convento do Carme**, un miradoiro sobre a vila.

A panorámica mellorará cando volvendo á fonte e deixándoa á dereita imos ás escaleiras polas que subimos a **Santiaguiño do Monte** (área de lecer, capela, miradoiro...). Baixamos polo camiño da subida e coa chegada á ponte xa rematan as dificultades de relevo porque o resto do percorrido é completamente chan. Volvemos cruzar o río e atravesamos a vila para ir ao **Xardín Botánico Artístico** que acolle especies curiosas e algunhas protexidas no catálogo da Xunta de Galiza (palmeira do Senegal, secuías,...) desde el, pola rúa que vai á estación do tren cruzamos a canle pola que se xebra parte do caudal do Sar, unha canle construída para evitar os alagamentos que as enchentes provocaban cada inverno na contorna, e despois de pasar a vía do tren imos á esquerda para ver e visitar a **casa museo de Rosalía de Castro** (hai que ter en conta os horarios). Desde aí volvemos atrás para cruzar as vías e, seguindo os indicadores, ir á dereita, a **Iria Flavia**, para coñecer a **igreja de Santa María**, o **cemiterio da Adina** e as súas antigas oliveiras, e, xusto de fronte da igrexa, o **museo de Camilo José Cela**, tamén visitable. Desde aquí volvemos á vila para rematar o percorrido. Podemos facelo pola beirarrúa da estrada ou desviarnos polo camiño dos peregrinos, máis tranquilo, e deixarnos ir logo polas rúas do centro ata onde comezamos.

Nunha visita máis demorada podemos achegarnos a Herbón, máis coñecido pola sona dos seus pementos que pola súa igrexa románica, onde tamén podemos ver o convento e as sobreiras do seu adro, e, baixando ao río, as pesqueiras da lamprea; uns 8 km ida e volta pola estrada que vai a Carcacía e Pontevea.



Rochas en Santiaguiño do Monte. No século XVI os peregrinos subían a estas rochas de xeonllos rezando pasando a través dos ocos ente os cons. Segundo a tradición popular estes buratos formounos Santiago para librarse dos seus perseguidores.



O río Sar entre o Carme e o Espolón. Ao fondo a ponte de Santiago.



Fonte do Carme. Ao fondo o convento.



Convento do Carme



Unha rúa de Padrón



Unha rúa de Padrón



Casa-museo de Rosalía de Castro



Ombú da Casa de Rosalía



Palmeira do Senegal



Unha das secuioias vermellas do Xardín Botánico de Padrón





Igreja de Santa Maria de Iria Flavia. No adro conserva un grupo de antigos sartegos de pedra.



Oliveiras no cemiterio da Adina



Río Sar